



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS POR PROGRAMA, TRABALLADORES/AS SOCIAIS E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA. (EXP.: 2022/E005/000007)

EXPEDIENTE: 2022/G003/000847

ANTECEDENTES:

Por medio da resolución de Alcaldía núm. 599/2020 de data 17-09-2020 aprobáronse as bases para a selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a interino/a, traballador/a social, Administración Especial, Subgrupo A2, na área de Servizos Sociais, sendo o obxecto desta convocatoria a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración, de conformidade co disposto no artigo 23.c da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. A duración máxima da interinidade non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata doce meses máis se o xustificase a duración do correspondente programa. O programa en cuestión é o desenvolvemento do Plan Concertado para a prestación de servizos comunitarios no Concello de Ponteceso subvencionado pola Xunta de Galicia e o incremento de usuarios/as que se derivan da crise derivada do estado de alarma e a COVID-19.

Rematado o proceso selectivo, dítase a resolución de Alcaldía núm. 904/2020 do 04-12-2020 que nomea como funcionaria interina, traballadora Social, Subgrupo A2, adscrita aos Servizos Sociais municipais, á candidata número 2, D. MARÍA DOLORES PAZOS FRANQUEIRA, tomando posesión do seu posto o día 14-12-2020.

Con data do 06-09-2022, a dita traballadora presenta escrito (R.E. núm. 202200000001444) no que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, séndolle concedida pola resolución de Alcaldía núm. 709/2022 do 23-09-2022, polo período de un ano, e con efectos iniciais do 03-10-2022, advertíndose á interesada que o seu reingreso estará condicionado á existencia de vacante, ao ser una praza de funcionaria interina por programa, o cal remataría o 14-12-2023, cunha posibilidade de prórroga dun ano, a súa cobertura ao efectuarse por medio da bolsa de traballo vixente, aprobada pola resolución núm. 904/2020, do 04-12-2020, na que a solicitante ocupa o posto número 2, e o seu reingreso efectuaríase no caso de que non se cubrira a praza por medio da mesma, e si estivera cuberta a solicitante incorporárase á bolsa no lugar que lle corresponda.

Polo exposto, o Departamento de Servizos Sociais pasa de ter dúas traballadoras sociais a xornada completa a ter unha soa, o que provoca unha merma importante no Servizo, especialmente na atención que se lles viña prestando aos usuarios cuxo número se incrementou notablemente coincidindo co inicio da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Tendo en conta a enorme carga de traballo que vén experimentando este departamento nos últimos tempos, especialmente no referente á execución do programa de desenvolvemento do Plan Concertado para a prestación de servizos comunitarios no Concello de Ponteceso subvencionado pola Xunta de Galicia, tramitación de axudas económicas, como as de emerxencia social (maiormente entre a poboación máis vulnerable), na solicitude do servizo de axuda a domicilio, na tele-asistencia domiciliaria, no asesoramento individual familiar sobre os dereitos e recursos en materia de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

servizos sociais, na atención de consultas telefónicas e telemáticas en materia de vivenda, na solicitude de tarxetas de estacionamento, na tramitación de bono social eléctrico ou nas solicitudes de participación nos programas ofertados polo IMSERSO, como por exemplo os de turismo e termalismo social, entre outras, esta Alcaldía considera conveniente e necesario contar con dúas traballadoras sociais.

Deixando claramente acreditadas as razóns da necesidade e da urxencia inaprazable de cubrir o citado posto, pois afecta ao funcionamento dun servizo público considerado esencial, á vista da inxente carga de traballo descrita que posúe o departamento de Servizos Sociais, esta Alcaldía dita providencia con data do 26-09-2022 na que se dispón que se inicie o expediente para proceder á cobertura da devandita praza, para o cal se empregará a lista de reserva aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 904/2020 do 04-12-2020, a cal figura ordenada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida por cada aspirante no proceso selectivo convocado para a provisión dun posto de traballo de persoal funcionario/a interino/a de Traballador/a Social, Administración Especial, Subgrupo A2, respectándose a orde de prelación que figura na mesma e consonte ás súas bases reguladoras, aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 599/2020 do 17/09/2020 e publicadas no BOP núm. 158 do 23/09/2020.

Na mesma providencia dispúxose que pola Técnica Local de Emprego se emita un informe, unha vez efectuados os chamamentos os/as candidatos/as que figuran na vixente bolsa de Traballadores/as Sociais, funcionarios/as interinos/as, Subgrupo A2, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 904/2020 do 04-12-2020, o cal é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: 2022/E005/000007. COBERTURA DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMA, TRABALLADOR/A SOCIAL.

*Fátima María Gómez Casal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ponteceso, en cumprimento do ordenado na providencia de Alcaldía de data 26/09/2022 na que se dispón que pola Técnica Local de Emprego se inicien os trámites oportunos para a cobertura dunha praza de traballador/a social, funcionario/a interino/a, Subgrupo A2, adscrita aos Servizos Sociais municipais, para a execución do programa de desenvolvemento do Plan Concertado para a prestación de servizos comunitarios no Concello de Ponteceso subvencionado pola Xunta de Galicia e o incremento de usuarios/as derivados da situación socio-económica provocada pola COVID-19, **INFORMO** o seguinte:*

1.- *Vista a resolución de alcaldía 904/2020, de data 04 de decembro de 2020 que nomea funcionaria interina, Traballadora Social, Subgrupo A2, a D. MARÍA DOLORES PAZOS FRANQUEIRA, para o desenvolvemento do programa de desenvolvemento do Plan Concertado para a prestación de servizos comunitarios no Concello de Ponteceso subvencionado pola Xunta de Galicia, e aproba a lista de reserva, estando integrada polas seguintes persoas:*

<u>Núm.</u>	<u>DNI</u>	<u>Nome e apelidos</u>	<u>Puntuación</u>
1.	***1724**	SIEIRO VÁZQUEZ M ^a CARMEN	41,50
2.	***3081**	RODRÍGUEZ RAMA DIANA	37,15
3.	***3355**	DOURADO MARTÍNEZ M ^a TERESA	36,50
4.	***5894**	GONZÁLEZ FAFIÁN IRIA	35,50
5.	***2900**	MOREIRA MIRANDA M ^a AZUCENA	34,45
6.	***2507**	SEOANE UZAL EMMA M ^a	32,30
7.	***3080**	GERPE COLLAZO KARINA	31,00



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

8. ***7517** SANTOS DÍAZ CRISTINA	30,50
9. ***1158** TAJES SUÁREZ M ^a BELÉN	29,98
10. ***6328** DOVAL ALVAREZ NATALIA	27,50
11. ***8328** VEIRA FERRÍN ANA PATRICIA	27,18
12. ***6884** FRAGA ALONSO BEATRIZ	27,13
13. ***7631** PÉREZ MILLOS CARLA	26,50
14. ***5034** CARBALLEDO ROCA CARLA	26,38
15. ***5588** LAMAS TEIJEIRO ALBA	25,75
16. ***2022** MARTÍNEZ LAGO PATRICIA	24,00
17. ***8963** HERNANDO MARTINEZ PAULA	18,63
18. ***3732** ALFONSO MARQUES NOELIA	18,50
19. ***0459** DARRIBA AMOR FÁTIMA	16,63

2.- Vista a resolución nº 709/2022 do 23 de setembro de 2022 na que se concede a excedencia voluntaria por interese particular a D^a. MARÍA DOLORES PAZOS FRANQUEIRA, funcionaria interina por programa, traballadora social.

3.- Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo, aprobadas pola resolución de alcaldía nº. 599/2020, de data 17/09/2022 e publicadas no BOP nº 158 do 23-09-2022, especialmente o disposto na base 10^a, e unha vez realizados os chamamentos aos/as candidatos/as existentes na lista de reserva aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 904/2020 do 04-12-2020, respectando a orde de prelación da lista, deixando constancia no expediente, conclúese co seguinte resultado:

-**M^a Carmen Sieiro Vázquez** (candidata número 1) con DNI núm. ***1724** Realízasele o chamamento o día 26-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o día 27-09-2022 mediante un email que renuncia ao posto ofertado por estar prestando servizos noutra Administración pública, o cal acredita documentalmente..

-**Diana Rodríguez Rama** (candidata número 2), con DNI núm. ***3081**. Realízasele o chamamento o día 27-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o mesmo día 27-09-2022 mediante un email e escrito presentado polo rexistro electrónico con número de entrada 202299900001787 do 28-09-2022, que renuncia ao posto ofertado por estar prestando servizos noutra Administración pública, o cal acredita documentalmente.

-**M^a Teresa Dourado Martínez** (candidata número 3), con DNI núm. ***3355** Realízasele o chamamento o día 27-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o mesmo día 27-09-2022 mediante un email que renuncia ao posto ofertado por estar prestando servizos noutra Administración pública, o cal acredita documentalmente.

-**Iria González Fafián** (candidata número 4), con DNI núm. ***5894** Realízasele o chamamento o día 28-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o mesmo día 28-09-2022 mediante un email e escrito presentado polo rexistro electrónico con número de entrada 202299900001797 do 30-09-2022, que renuncia ao posto ofertado por estar prestando servizos noutra Administración pública, o cal acredita documentalmente, solicitando permanecer na lista na posición que ocupa en estado de "dispoñible" para futuros chamamentos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

-M^a Azucena Moreira Miranda (candidata número 5), con DNI núm. ***2900** Realízasele o chamamento o día 28-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o día 29-09-2022 mediante un email e escrito presentado polo rexistro electrónico con número de entrada 202299900001796 do 29-09-2022. ue renuncia ao posto ofertado por estar prestando servizos noutra Administración pública, o cal acredita documentalmente, solicitando permanecer na lista na posición que ocupa en estado de “dispoñible” para futuros chamamentos.

-Emma M^a Seoane Uzal (candidata número 6), con DNI núm. ***2507** Realízasele o chamamento o día 29-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o mesmo día 29-09-2022 mediante un email que renuncia ao posto ofertado por estar prestando servizos noutra Administración pública, o cal acredita documentalmente.

-Karina Gerpe Collazo (candidata número 7) con DNI núm. ***3080** Realízasele o chamamento o día 30-09-2022 telefónicamente, e a través dun correo electrónico, contestando a interesada o día 03/10/2022 que acepta o posto mediante email enviado na mesma data.

Ponteceso, 11 de outubro de 2022

A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
Fátima María Gómez Casal
(Documento asinado electrónicamente)”

Logo de revisar o expediente consta acreditado o cumprimento por parte de D^a Karina Gerpe Collazo do establecido na base 8^a, relativo á presentación dos documentos esixidos (R.E. 202200000001633 do 06-10-2022).

Sometido o expediente a fiscalización previa da Intervención Municipal, emítase informe con data do 13-10-2022, sendo as súas conclusións do seguinte teor literal:

“A **fiscalización favorable** coas seguintes **observacións** :

-X*.A: esta intervención non entra a valorar se estas necesidades son estruturais o conxunturais pero se considerasen permanentes debería de ser sometida a OEP é obxecto de cobertura definitiva

-X*.B: dadas as limitacións das ultimas leis de orzamentos xerais se deberá de verificar que este tipo de contratacións, limitadas nos últimos exercicios se encontran en supostos permitidos pola lei. Se circunscribe esta contratación para cubrir necesidades urxente e inaprazables tal e como figura na providencia de Alcaldía de 26 de setembro de 2022:

“ ...

Deixando claramente acreditadas as razóns da necesidade e da urxencia inaprazable de cubrir o citado posto pois afecta ao funcionamento dun servizo público considerado esencial, á vista da inxente carga de traballo descrita que posúe o departamento, cómpre proceder á cobertura da devandita praza, para o cal se empregará a lista de reserva aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 904/2020 do 04-12-2020, a cal figura ordenada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida por cada aspirante no proceso selectivo convocado para a provisión dun posto de traballo de persoal funcionario/a interino/a de Traballador/a Social, Administración Especial, Subgrupo A2, respectándose a orde de prelación que figura na mesma e consonte ás súas bases reguladoras,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 599/2020 do 17/09/2020 e publicadas no BOP núm. 158 do 23/09/2020.

...”

Non corresponde a esta intervención analizar os motivos da urxencia e excepcionalidade aos que se refire o Alcalde na citada providencia pois ao abeiro do artigo 21.1.a) da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, é o organo encargado de dirixir o goberno e a administración municipal.

-X*.C: a candidata cuxa contratación se propón incumpre o prazo de resposta ao chamamento (48 horas) e o prazo de incorporación (5 días hábiles a contar dende o seguinte ao do chamamento) previstos na base 10 das aprobadas por resolución de alcaldía número 599/2020 de 17 de setembro”

A competencia para resolver correspóndelle á Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e co artigo 61.1.a) e h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aceptar as renuncias das candidatas D^a M^a CARMEN SIEIRO VÁZQUEZ, D^a DIANA RODRIGUEZ RAMA, D^a M^a TERESA DOURADO MARTINEZ, D^o IRIA GONZALEZ FAFIÁN, D^a M^a AZUCENA MOREIRA MIRANDA e D^a EMMA M^a SEOANE UZAL por estaren traballando noutra Administración nas datas nas que se lles efectúa o chamamento, quedando xustificado documentalmente no expediente ás súas situacións de traballo, polo que se incorporan á lista coa puntuación obtida no proceso selectivo.

Segundo: Actualizar a vixente bolsa de traballo de Traballadores/as Sociais, funcionarios/as interinos/as para o desenvolvemento do programa de desenvolvemento do Plan Concertado para a prestación de servizos comunitarios no Concello de Ponteceso subvencionado pola Xunta de Galicia, aprobada pola resolución núm. 904/2020, do 04-12-2020, conforme ao informe emitido pola Técnica Local de Emprego de data 11-10-2022, tendo en conta a aceptación e as renuncias habidas, ordenada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida por cada aspirante, quedando a mesma da seguinte maneira:

Orde	DNI	APELIDOS E NOME	Concurso	Fase Oposición 1º exerc.	Fase oposición 2º exerc.	TOTAL	ESTADO
1	***1724**	SIEIRO VÁZQUEZ M ^a CARMEN	20	13	8,50	41,50	Servizo noutra AAPP
2	***3081**	RODRÍGUEZ RAMA DIANA	12,4	17	7,75	37,15	Servizo noutra AAPP
3	***3355**	DOURADO MARTÍNEZ M ^a TERESA	20	10,5	6	36,5	Servizo noutra AAPP
4	***5894**	GONZÁLEZ FAFIÁN IRIA	13	13,5	9	35,5	Servizo noutra AAPP
5	***2900**	MOREIRA MIRANDA M ^a AZUCENA	10,2	16,5	7,75	34,45	Servizo noutra AAPP
6	***2507**	SEOANE UZAL EMMA M ^a	16,8	10,5	5	32,3	Servizo noutra AAPP
7	***3080**	GERPE COLLAZO KARINA	10	16	5	31	Acepta o chamamento



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Orde	DNI	APELIDOS E NOME	Concurso	Fase Oposición 1º exerc.	Fase oposición 2º exerc.	TOTAL	ESTADO
1	***1724**	SIEIRO VÁZQUEZ M ^a CARMEN	20	13	8,50	41,50	Servizo noutra AAPP
8	***7517**	SANTOS DÍAZ CRISTINA	10	15	5,5	30,5	
9	***1158**	TAJES SUÁREZ M ^a BELÉN	11,48	13,5	5	29,98	
10	***6328**	DOVAL ALVAREZ NATALIA	11	10	6,5	27,5	
11	***8328**	VEIRA FERRÍN ANA PATRICIA	9,18	13	5	27,18	
12	***6884**	FRAGA ALONSO BEATRIZ	9,13	13	5	27,13	
13	***7631**	PÉREZ MILLOS CARLA	10	11,5	5	26,5	
14	***5034**	CARBALLEDO ROCA CARLA	8,88	12,5	5	26,38	
15	***5588**	LAMAS TEIJEIRO ALBA	9,25	11,5	5	25,75	
16	***2022**	MARTÍNEZ LAGO PATRICIA	6	13	5	24	
17	***8963**	HERNANDO MARTINEZ PAULA	1,13	12	5,5	18,63	
18	***3732**	ALFONSO MARQUES NOELIA	0	13,5	5	18,5	
19	***0459**	DARRIBA AMOR FÁTIMA	1,63	10	5	16,63	
20	***6356**	PAZOS FRANQUEIRA M ^a DOLORES	20	13	5,5	38,5	Excedencia voluntaria por interese particular (*)

(*) Pola resolución de Alcaldía núm. 709/2022 do 23-09-2022 concedéuselle a D^a M^a Dolores Pazos Franqueira a excedencia voluntaria por interese particular cunha duración de un ano e con efectos iniciais do 03 de outubro de 2022, polo que pasa a ocupar a derradeira posición da lista. Finalizada a excedencia incorporárase á bolsa no lugar que lle corresponda.

De acordo ao establecido na base 5.10, esta bolsa de emprego terá unha vixencia de TRES anos contados desde a súa aprobación. No caso de nomeamentos ou contratacións realizadas durante a súa vixencia estarase ao disposto na lexislación de aplicación relativa a contratacións laborais temporais.

Terceiro: Nomear a D^a. **KARINA GERPE COLLAZO**, con DNI *****3080****, como funcionaria interina, Traballadora Social, Subgrupo A2, adscrita aos Servizos Sociais, para o desenvolvemento do programa de desenvolvemento do Plan Concertado para a prestación de servizos comunitarios no Concello de Ponteceso subvencionado pola Xunta de Galicia, consonte ao establecido no artigo 23.c da Lei de emprego público de Galicia. O inicio da relación funcional terá lugar o día no que se efectúe a toma de posesión da interesada e finalizará o 14-12-2023, data na que se cumpren os tres anos de vixencia da bolsa, salvo que se prorrogue a súa interinidade, o cal sería por un prazo máximo de doce meses.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Cuarto: Outorgarlle á interesada para a toma de posesión, un prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución, de acordo coa base novena.

No caso de que non tome posesión no prazo sinalado sen causa xustificada, decaerá en todos os seus dereitos a ocupar a praza.

Quinto: Publicar esta resolución na páxina web municipal, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal.

Sexto: Notificar a presente resolución á interesada aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente na data da sinatura dixital polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria
(en réxime de acumulación)

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: María Cristina Varela García